



## ANUNCIO

### **Aprobación da listaxe definitiva de admitidos e excluídos no procedemento para a selección de un informador de turismo do Xeodestino Ría de Muros-Noia.**

O 10 de agosto de 2018, a Alcaldía-Presidencia resolveu:

**"Primeiro.-** Aprobar a listaxe definitiva de aspirantes admitidos e excluídos no proceso selectivo para un informador turístico do Xeodestino Ría de Muros-Noia, persoal laboral temporal que é a seguinte:

k) Admitidos:

APELIDOS E NOME
Aviles Calo Mirian
Pena Caramés Karen



Fixado no taboleiro de edictos  
o día 10 de Agosto de 2018

Retirado

o día .....de.....de 20.....

O/A Funcionario/a

l) Excluídos e causa da exclusión:

- Fernández Dosil, Narciso Ignacio: non achega fotocopia da titulación establecida no apartado 3ª das bases de selección, así mesmo inadmitir a súa alegación de data 08/08/2018, rexistro de entrada núm. 4782, polo seguinte motivo:

- o A homologación como docente de cursos AFD "Promoción turística local e información al visitante" non é equivalente co recollido no art. 1 da Resolución do 2 de xaneiro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos declarados municipios turísticos e a xeodestinos de Galicia para a contratación de persoal nas oficinas de turismo nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro, e se procede á súa convocatoria para o ano 2018, (DOG, nº 22 do 31/01/2018), o persoal que se contrate deberá estar en posesión dalgún dos seguintes títulos: técnico superior en Información e Comercialización Turística ou técnico superior en Guía, Información e Asistencia Turística; técnico en Empresas e Actividades Turísticas, ou grao ou diplomado/a en Turismo ou equivalente homologado ou ben contar coa habilitación de guía de turismo".

**Segundo.-** Designar aos membros do órgano de selección do procedemento para a contratación laboral de duración determinada, que terá a seguinte composición:

- Presidente: Mª. Herminia Pouso Maneiro.
- Vogal: David Fernández Martínez.
- Secretario: Unai González Suárez.

**Terceiro.-** Convocar aos aspirantes admitidos para a realización do primeiro exercicio: de carácter obrigatorio, consistente en contestar por escrito en galego, no tempo máximo de 1 hora un cuestionario de vinte (20) preguntas curtas ou tipo test, na proba incluíranse 3 preguntas de reserva que deberán ser contestadas polos aspirantes e que se avaliarán en substitución daquelas que de xeito motivado fosen anuladas polo tribunal. Este exercicio é eliminatorio, e valorarase ata o máximo de 10 puntos (a razón de 0,5 puntos cada resposta correcta), sendo excluídos os participantes que non acaden o mínimo de 5 puntos. As respostas falladas non ponderarán con coeficiente negativo. Xunto coa corrección do exercicio, o tribunal publicará a listaxe de respostas correctas, que terá lugar o **día 13 de agosto de 2018, Centro de Interpretación do Castro de Baroña, sito na Rúa Fernando Fariña Barros s/n, 15970 - Porto do Son, ás 10:30 horas.** Os aspirantes deberán acudir con documento que acredite a súa personalidade e bolígrafo.

**Seguidamente de ser preciso, realizarase a proba de coñecemento da lingua galega,** aos candidatos que non puideran acreditar o coñecemento da lingua galega mediante o certificado da realización do CELGA 4 ou equivalente da lingua galega



**Cuarto.-** Dispor a publicación da listaxe definitiva de aspirantes admitidos e excluídos no procedemento selectivo no taboleiro de anuncios e na web do concello.

Porto do Son, 10 de agosto de 2018

O Alcalde-Presidente

Asdo.: José Luis Oujo Pouso.